La Voz de Galicia

Miércoles, 16 de enero del 2019 | Número 1.205 | Año 36

la voz de la escuela

www.prensaescuela.es

Los profesores lideran su propio aprendizaje

Ya no se contentan solo con los cursos de formación y encontraron su propio camino

La revista *Educational Leadership* proporciona un interesante estudio sobre la formación de los profesores en distintas partes del mundo en el que destaca una noticia singular y prometedora. No se trata de la llamada formación que se dirige desde fuera y se imparte a los profesores para que logren los mejores objetivos en su profesión. Ellos mismos se convierten, al menos esa es la intención del título, en protagonistas de su propia renovación continua.

1 **Objetivos.** Mejor conocimiento especializado de su asignatura, cómo implicar a los alumnos para un compromiso en su aprendizaje, empleo de tecnologías, responder a las necesidades personales de los alumnos venidos de diferentes ambientes y ayuda para que logren altos estándares.

2 **Dos reacciones.** Unas naciones disponen de profesores de alta calidad para lograr sus objetivos en la escuela y en otras se da un desánimo notable y están muy preocupadas por el agotamiento y la rotación de los maestros. Existe también un desafío cada vez mayor de reclutar maestros nuevos de alta calidad, ya que se nota la falta de confianza de los maestros en sus propias habilidades.

3 **Compromiso.** Existe un acuerdo internacional para lograr que los profesores se comprometan en mejorar su trabajo. Según los resultados publicados en el 2013 por la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE), un 90 % de los profesores de 30 países valoran y estiman su profesión, pero consideran que no son reconocidos ni valorados suficientemente. Un 50 % desarrollan su trabajo solos, aunque un 30 % observan a sus colegas. Y un 46 % no reciben retroalimentación ni evaluación de su trabajo por parte de la dirección de la escuela.

4 **Una reunión anual clave:** International Summit on The Teacher Profession. Más de 25 naciones se reúnen anualmente con el fin de mejorar la organización y el trabajo de sus profesores con el firme convencimiento de que el trabajo del profesor es el factor más importante para lograr el mejor desarrollo de los alumnos, lo cual determina también la calidad de cada sistema educativo. Elegimos cinco puntos significativos: Singapur, Shanghái, Finlandia y Estonia, Londres y Estados Unidos. Facilitamos solamente un dato característico de cada nación, aunque naturalmente el informe es mucho más amplio.

4.1 Singapur. Todos los profesores disponen de 100 horas para su reciclaje profesional, dirigido por expertos en educación, a lo largo del año: unos 12 días en total pagados por el Gobierno. El profesor realiza normalmente su trabajo de innovación y mejora en equipo con sus compañeros y en colaboración con otros centros educativos, contando siempre con la ayuda del National Institute of Education.

4.2 Shanghái. La clave del trabajo de los profesores es la colaboración en el equipo pedagógico de cada centro. Consumen menos tiempo dentro del aula que los de Estados Unidos y el aprendizaje en grupo con sus compañeros profesores es más amplio. Funciona en cada centro un grupo llamado de enseñanza e investigación.

ALBERTO LÓPEZ

Profesores asistentes a un taller de ideas durante un curso de formación

4.3 Finlandia. Exigen un alto nivel para lograr plaza de trabajo en la educación, lo cual probablemente constituye la principal razón de la calidad que ofrecen sus escuelas. En consecuencia, la escuela puede disponer de una mayor creatividad y libertad en sus programas y facilita también una mayor comunicación, ya que el número de alumnos de cada una oscila entre 200 y 500.

4.4 Londres. Desde el 2003-2011, el London Challenge respondió a las crecientes presiones de responsabilidad con una variedad de iniciativas. El ingrediente clave fue establecer la comunicación de líderes escolares y maestros de las escuelas de mayor rendimiento en el Gran Londres con el resto de las escuelas para promover el liderazgo y mejorar la pedagogía.

4.5 Estados Unidos. Una síntesis difícil, pero prometedora, después de muchos cambios y que se centra en cuatro apartados básicos: compromiso con las políticas e incentivos de todo el sistema educativo, reestructuración de los tiempos del profesor, creación de la cultura de colaboración e intercambio de experiencias, desarrollo de las habilidades docentes para liderar un aprendizaje profesional.

actividades

El desarrollo del informe comentado es amplio y recoge diversos aspectos en cada uno de los apartados que citamos en el texto general, pero es imposible recoger más información en esta página primera. De todas formas ahí tienes el texto entero y cómo conseguirlo:

■ Vivien Stewart: «How Teachers around the World Learn», publicado por Educational Leadership. Noviembre del 2018. Correo electrónico: edleadership@ascd.org

> 4-5

O portugués Eça de Queiroz, un realista romántico

> 6

O xornalista belga Tintín fai 90 anos, aínda que non o pareza



> 7

La importancia que tiene la biodiversidad en nuestra vida

Novas pistas para a autoavaliación do profesor

Na primeira páxina de hoxe ofrecemos un pequeno percorrido sobre puntos básicos que, a xuízo de expertos, marcan o nivel de calidade dos profesores en diversas partes do mundo: Singapur, Shanghai, Finlandia, Londres, os Estados Unidos... definen, entre outros, e a xuízo de expertos, esa liña indicativa da revista «Educational Leadership». E non só o nivel de calidade, senón tamén o feito significativo que se resalta no título xeral da publicación: «Os profesores convértense en líderes da súa propia aprendizaxe». Excelente noticia: algo así como converterse en propios alumnos de si mesmos.

> **Jesús Garrido** churepe@telefonica.net

EUROPA PRESS

A técnica da aula a dous, nas súas distintas variables (un profesor e un observador, por exemplo), proporciona un interesante reforzo para a autoavaliación do mestre

1. AS 10 CLAVES DO PROFESOR QUE ENSINA E O ALUMNO APRENDE

Nunha das clasificacións ou categorías máis antigas de observación do profesor na aula figuran estes sinais que indican o modo e calidade de relación que ten cos seus alumnos para lograr unha confortable aprendizaxe. É fácil recordalas por supercoñecidas: reflexo de sentimentos do alumno, animación do alumno, reflexo de ideas do alumno, preguntas do profesor, información do profesor, directrices do profesor, crítica do profesor, respostas do alumno, iniciativas do alumno...

2. CANDO SABEMOS QUE O PROFESOR APRENDE E NON SÓ ENSINA?

A resposta xeral e rápida está clara. Cando comprobamos que os alumnos aprenden moito e cada vez mellor, seguramente o profesor está a aprender e, como sinal, melloran os 10 pasos citados: mellora o seu sentimento, anímase máis a seguir na súa difícil tarefa, ten mellores ideas, responde ben ás preguntas que se fai a si mesmo para responder a novas situacións, informa aos demais compañeiros que hai cada día para que as cousas vaian mellor, leva o volante das directrices propias e por onde se atopan os mellores camiños rápidos e eficaces, é autocrítico e presta atención ás indicacións de compañeiros e outros técnicos, non só ten boas respostas para o seu autoaprobado raspado (senón sempre o máis e mellor), ten iniciativa e non se resiste a mellorar adecuadamente...

3. UN REFORZO IMPORTANTE PARA A AUTOAVALIACIÓN: AULA A DOUS

Non cabe dúbida de que os alumnos axudan moito á autoavaliación que o profesor pode buscar se está interesado na súa mellora continua. Pero, ás veces, non basta. Nin é suficiente tampouco o traballo previo que adoita facerse nos equipos e reunións técnicas dos profesores, en xeral e no seu departamento concreto.

A técnica da aula a dous, coas súas seis variables estudadas, céntranse nestes seis títulos, reflexo de actuacións distintas: un profesor e un observador, un profesor e un asistente, paralelas e intercomunicación, estacións e temáticas, alternativas e preferencias, en equipo e os dous en todo... que explicamos en anteriores números de La Voz de la Escuela e figuran no arquivo de e-studos de Prensa-Escuela.

Este reforzo é inmediato, presencial dos dous profesores, substitutivo, complementario, de urxencia inmediata, exemplar dun con outro, estimulante para unha mellora continua de ambos os profesores e o logro dunha autoavaliación. Fácil, directa, instantánea.

https://bit.ly/1JhqaXw

4. A CÁMARA DE AUTOVÍDEO SWIVL ROBOT

Una das dificultades que xorden cando se trata de gravar o desenvolvemento dunha aula estaba no feito de que chegaban uns expertos en gravación, colocaban a cámara, facían o seu traballo e a síntese do que alí sucedía podía comentarse fóra de clase, incluso con algunha ou moita resistencia do profesor que se sometía a esa proba de relativa evidencia. Hoxe, a cámara Swivl Robot facilita que cada profesor grave o que considere oportuno, o analice persoalmente ou con quen poida axudarlle, se centre no que busca realmente no seu traballo de aula e todo cunha claridade relativamente boa. E, talvez o que é importante, o Swivl Robot facilita a utilización de novos medios para lograr unha autoavaliación suficientemente obxectiva do que na aula está a suceder.

https://vimeo.com/232592147

5. ADESTRAMENTO COA NOTICIA NA AULA

Este suplemento de La Voz de Galicia ten como obxectivo principal o estudo da noticia que normalmente sae nos xornais e serve de axuda e actualidade ao desenvolvemento e aplicación das materias. É, xa que logo, un complemento ao programa académico. Pero é útil, sen dúbida, para o tema que aquí estamos a estudar: a autoavaliación que o profesor vai facendo de si mesmo como impulsor da aprendizaxe dos alumnos. En que sentido, por exemplo, o estudo dunha noticia favorece que os alumnos manifesten o seu sentimento, vexan con máis claridade a súa capacidade de animación, a exposición das súas ideas, a mellora en calidade e abundancia das súas preguntas... tal como vimos nos puntos que figuran no apartado 1 da presente páxina? Mellora isto a calidade de aprendizaxe que fomenta o profesor no seu ensino e desenvolvemento da posible capacidade dos alumnos? Iso esperamos. Verémonos, pois, novamente na páxina 2.

ACTIVIDADES

A partir do número do día 23 de La Voz de la Escuela dedicaremos diversas páxinas 2 á elaboración de proxectos de observación na aula, partindo de temas de programación de actividades que se poden realizar coa noticia e gravar en vídeo con Swivl Robot para os que dispoñan dese medio audiovisual.

EUROPA PRESS

Una de las claves para recuperar es recopilar todo el material necesario

Una segunda oportunidad

Cómo superar los suspensos de la primera evaluación

La actitud que muestran los estudiantes ante sus propios suspensos ya nos da una idea bastante aproximada sobre la probabilidad que tienen de superar (o no) esas asignaturas a medio plazo. Carlos Pajuelo Morán, autor de *Cómo sobrevivir a los suspensos de tu hijo*, clasifica de forma desenfadada a varios tipos de suspendedores, como por ejemplo:

1 **El suspendedor sobrado.** Es aquel que, presentando un boletín de notas con media docena de suspensos, es capaz de mirar a sus irritados padres con cara de incredulidad mientras les dice con una seguridad pasmosa: «Cómo os ponéis por nada, si las voy a recuperar». Este tipo de suspendedor hace un repaso por cada una de las asignaturas que ha cargado de tal manera que es capaz de demostrar que seis suspensos, en realidad, son tres. A la preocupación por las notas, entonces, se añade una mayor preocupación a los acongojados padres: «Madre mía, ¡este hijo nuestro además de vago es un inconsciente!».

2 **El suspendedor Calimero.** Se caracteriza por achacar los suspensos a su situación anímica. El mensaje es: «Siempre me estáis agobiando, os dedicáis a amargarme la vida, pero no os dais cuenta de lo mal que estoy»; o bien: «Qué asco de vida, y vosotros solo os preocupáis por las notas». Este tipo de suspendedor provoca en los padres una doble preocupación: al malestar por los suspensos se une el agobio de pensar que al hijo le pasa algo a nivel emocional que le hace sentirse profundamente desgraciado. Este tipo de suspendedor es capaz de preocupar a sus padres hasta el punto de que acaban siendo ellos los que lo consuelan. En ocasiones lo llevan al psicólogo. Sin embargo, cuando sale con sus amigos los fines de semana, y siempre que no se trate de estudiar, se encuentra la mar de bien.

3 **El suspendedor indignado** suele echar la culpa de sus suspensos a las características del sistema educativo, a los profesores, al centro escolar, etcétera. Con frases del tipo «de nada sirve que me esfuerce, porque me tienen manía», «las clases son aburridas, los profesores no me motivan», «si viviéramos en Finlandia otro gallo cantaría» o «yo personalmente más no puedo hacer». Y se queda tan ancho.

4 **El suspendedor realista** suele aceptar que la causa de los suspensos reside en que no ha estudiado lo suficiente. Este es el tipo de suspendedor que mejor puede comenzar a introducir modificaciones en su conducta con la finalidad de mejorar su rendimiento. Y desde luego es el que mejor pronóstico tiene de superar las dificultades.

En definitiva, en un porcentaje muy elevado de casos los hijos suspenden por una razón muy sencilla: no estudian lo suficiente o lo hacen de manera incorrecta. Si ellos mismos lo admiten, habrán dado un gran paso para superar esas dificultades.

> Ana T. Jack
anatjack@edu.xunta.es

ep ESCUELA DE PADRES

- **TEMA DEL MES:** Propósitos para el 2019.
- **ETAPA:** Infancia y adolescencia.
- **LA FRASE:** «Cada uno es responsable de lo que le sucede y tiene el poder de decidir lo que quiere ser. Lo que eres hoy es el resultado de tus decisiones y elecciones en el pasado. Lo que seas mañana será consecuencia de tus actos de hoy» (Swami Vivekananda).
- **COMPORTAMIENTOS QUE SE DEBEN EVITAR:** Permitir que pongan toda la responsabilidad de sus suspensos en variables externas (el profesor, los compañeros, la mala suerte...).
- **ALGUNAS CLAVES:** Analizar lo que falló en la primera evaluación, diseñar una estrategia y hacer cambios en las rutinas y hábitos de estudio.
- **PARA SABER MÁS:** «Cómo sobrevivir a los suspensos de tus hijos: una guía realista y práctica para saber qué podemos y qué no podemos hacer los padres». Carlos Pajuelo. Editorial Espasa, 2015.

Para aprobar, estudiar más y mejor

Que eches la culpa de tus suspensos a que el profesor explica fatal, a que te ha cogido manía, a que esa asignatura la suspende todo el mundo o a que tienes unos compañeros de clase muy charlatanes que siempre te distraen no te servirá de mucho para superar las materias pendientes de la primera evaluación. Y lo que querrás es hacer las cosas bien en la segunda evaluación, ¿verdad? Pues entonces no pierdas tus energías en desviar la responsabilidad hacia otras variables o circunstancias que en principio no puedes hacer mucho por cambiar. Es mejor que te centres en sacar fuerzas para superar esos baches y poner en marcha todo lo que esté en tu mano hacer. Para empezar, debes tener muy clarita toda esta información:

- **Materias que debo recuperar de la primera evaluación** (no me llega con aprobar la siguiente):
- **Fecha de los exámenes de recuperación:**
- **¿Tengo claro el contenido** (temas, libros, apuntes, ejercicios...) que me entra en el examen de cada una de esas asignaturas pendientes?, ¿quién me lo puede aclarar si tengo dudas?
- **¿Tengo todo el material necesario?, ¿cómo puedo conseguir lo que me falta?** (Pedírselo a compañeros, al profesor, comprar lo que me falta...).
- **Tareas obligatorias complementarias que debo hacer** para superar esas asignaturas (lectura de libros, entrega de láminas, elaboración de trabajos, ejercicios, prácticas...).
- **¿Por qué fallé en esas materias en la primera evaluación?** (Por falta de interés, falta de estudio, falta de base en la asignatura, problemas de comprensión...).
- **¿Cómo voy a evitar que ocurra lo mismo en la segunda evaluación?** (Apuntaré en una agenda los deberes para casa, le dedicaré más tiempo diario al estudio, pediré a un compañero que me ayude con la asignatura, me apuntaré a clases particulares, atenderé más a las explicaciones del profesor, cambiaré mi método de estudio...).
- **En definitiva, en esta segunda evaluación me comprometo a hacer los siguientes cambios...**

Una educación de calidad empieza con una buena información.
Suscríbete ya a la newsletter de educación
www.lavoz.es/newsletter
Reportajes exclusivos
Entrevistas
Informes nacionales e internacionales
Actualidad educativa
DOG, BOE y avisos
Todo está cambiando

> MAESTROS DE LA LITERATURA UNIVERSAL

O poético realismo de José Maria Eça de Queiroz

Neste 2018-19, desde La Voz de la Escuela seguiremos repasando, cunha periodicidade mensual, os grandes escritores da literatura universal, para dar continuidade ao comezado en cursos anteriores. Coa excepción de que este ano non nos limitaremos á divulgación só de grandes novelista tamén a grandes figuras doutros xé poesía e o teatro, que acadaron imp nas letras de todo o mundo

José Maria Eça de Queiroz (1843-1900) é o escritor moderno que mellor exemplifica a relación entre as dúas grandes literaturas peninsulares, a española e a portuguesa. É, xunto a algún poeta, como Eugénio de Castro, a referencia inmediata da literatura portuguesa en España a principios do século XX. Deixouno moi claro o crítico literario Enrique Díez Canedo: «Nada máis descoñecido, en efecto, que a literatura portuguesa para un español. Para os de onte, empezaba e acababa en Camões; para os de hoxe, resúmese en Eça de Queiroz».

Foi un novelista moi apreciado por grandes escritores españois do momento, como a condesa de Pardo Bazán, Ramón Pérez de Ayala ou Unamuno. Valle-Inclán traduciuno, e non foi inmune á súa influencia. As súas obras foron traducidas a máis de vinte idiomas. Ao español foron vertidas, ademais de por Valle-Inclán, por Wenceslao Fernández Flórez, Julio Gómez de la Serna, Carmen Martín Gaite e Jorge Gimeno. O lector actual que se asome ás súas páxinas descubrirá un estilo fresco e contemporáneo. Foi, sen dúbida, o mellor escritor portugués de finais do século XIX, realista, moi próximo ao naturalismo pola minuciosidade con que describe e critica os aspectos máis negativos da vida provinciana. Eça de Queiroz está dotado de prodixiosa inventiva e de extrema sensibilidade para a creación de personaxes, ambientes e sentimentos. Nada falta nas súas novelas: nin a traxedia, nin o humor, nin a sátira, nin o amor, nin, desde logo, as paisaxes do seu querido Portugal, embelecidas pola nostalxia.

BIBLIOTECA NACIONAL DE PORTUGAL

O escritor Eça de Queiroz estivo sempre moi p vida cotiá dos portugueses

UNS DATOS BIOGRÁFICOS

Era fillo natural do maxistrado José Maria de Almeida de Teixeira e de Carolina Augusta Pereira de Eça. O nacemento do escritor, en Póvoa de Varzim, estivo rodeado de certo drama. Os seus pais non estaban casados. A nai, Carolina, pertencía a unha familia aristocrática que posiblemente se opuña a que contraese nupcias co pai. O escritor naceu a finais de novembro de 1845, pero foi bautizado na localidade de Vila do Conde o 1 de decembro como fillo de nai descoñecida. En efecto, na súa partida de bautismo aparece o nome do pai, pero non o da nai. Os proxenitores non casarían ata uns cantos anos despois, en setembro de 1849, cando os avós maternos do escritor xa faleceran. Por todo iso, o neno viviu na casa dos seus avós paternos, en Verdemilho, ata os 10 anos, cando se trasladou ao Porto para estudar o ensino secundario no colexio da Lapa.

Con 16 iniciou estudos de Dereito na Universidade de Coimbra, que completou en cinco cursos. No seu último ano estreouse como escritor cunha serie de artigos xornalísticos que chamaron a atención pola novidade do seu estilo. Terminada a universidade, instalouse en Lisboa, na casa dos seus pais, e ao ano seguinte montou alí o seu despacho de avogado. Non abandonou as súas colaboracións coa prensa, e chegou a desprazarse a Évora para dirixir o diario local. Aos poucos foi entrando en contacto con escritores importantes do seu país e coñecendo por dentro o mundo da literatura.

Cando casou, en 1886, enfrontouse a unha situación semellante á que viviran os seus pais. Os da súa esposa, Emilia de Castro, eran os condes de Resende, e ela, xa que logo, unha dama da nobreza portuguesa. Os pais trataron de impedir a voda, non tanto porque o pretendente non fose un home nobre e rico, senón porque o consideraban un intelectual e un ateo, sen importarlles nada que xa fose un dos homes máis populares en Portugal.

Aprobou unhas oposicións para cónsul de primeira clase e o cargo levoulle a vivir en distintos países europeos. Así coñeceu detidamente Cuba, os Estados Unidos, Francia e Inglaterra, entre os que máis lle influíron. Eça de Queiroz era un home cosmopolita e culto, privilexios que lle permitiron gozar a fondo os 55 anos que durou a súa vida. Desde cada país no que residiu un tempo non deixou de enviar artigos aos xornais portugueses, textos que hoxe están considerados como ensaios clásicos cumental e liter traballos, os que terra, recolleun editor Eduardo do Vento.

DEFENSOR DO RE

Segundo explic tanedo, Fernan aos portuguese cos seus veciño apaixonados e f portugueses so mentais». Eça de portugués máis definiu aos seu de modo pareci

as, senón que atenderemos
éneros literarios, como a
portancia e transcendencia

LITOGRAFIA BENTO AMARAL, C. FRESE

resente na

s de grande valor do-
rario. Algúns destes
e enviou desde Ingla-
os recentemente o
Riestra en Edicións

ALISMO LITERARIO

a o profesor F. Cas-
ado Pessoa definiu
s por comparación
s: «Os españois son
ríos, mentres que os
mos tenros e senti-
e Queiroz, o escritor
importante do XIX,
s contemporáneos
do, pero sen entrar

en comparacións. Na súa obra mestra, *Os Maias* (1888), o amigo íntimo do protagonista laméntase: «Que fomos desde o colexio, desde o exame de Latín? Románticos: nin máis nin menos, individuos inferiores que se guían na vida polo sentimento, non pola razón». Así denunciaba Eça de Queiroz os excesos do sentimentalismo romántico, unha censura tan constante na súa obra que pode considerarse un dos seus acenos de identidade. Non en balde foi considerado o grande defensor do realismo en Portugal. Desde a súa famosa conferencia de 1871, o escritor atacou a doutrina parnasiana da arte pola arte, rexeitou a apoteose dos sentimentos e o verbalismo inchado, á vez que defendía a análise anatómica dos carácteres, a crítica dos homes e a denuncia dos vicios sociais. En fin, Eça de Queiroz impulsou a nova literatura, realista e racional, e fustrigou os excesos da vella, romántica e sentimental, que aínda dominaban nas letras do seu país.

As súas dúas grandes fontes de inspiración foron Flaubert e Cervantes. Eça de Queiroz admiraba profundamente a Stendhal, a Víctor Hugo, a Balzac e a Zola, pero sobre todo veneraba a Flaubert, e tiña a *Madame Bovary* pola mellor novela do XIX. Por iso é polo que nas súas obras aparecen tantos personaxes como Emma Bovary, homes e mulleres histéricos, toleados pola idea de que a única xustificación da súa existencia descansa en renderse incondicionalmente á vontade doutra persoa. E toleados, como Emma Bovary e como don Quixote, pola lectura.

> José A. Ponte Far

Escena da película «O crime do pai Amaro», protagonizada por Gael García Bernal e Ana Claudia Talancón

As súas principais obras

«O CRIME DO PAI AMARO» (1875)
A acción desenvólvese na cidade de Leiría, cuxa sociedade o autor coñecía moi ben por ter vivido alí uns anos. O pai Amaro Vieira é destinado a unha parroquia da localidade, hospédase nunha casa particular e seduce a Amelia, a filla da dona. As relacións con esta moza chegan a facerse públicas e o sacerdote engana á incauta rapariga e a moitas freguesas facéndolles crer que se trata de canalizar polo bo camiño a Amelia con boas accións e atencións especiais. O final é tráxico para a moza, mentres o pai Amaro, que se traslada a Lisboa, segue coa súa vida coma se nada pasara. A novela é unha disección sobre a mala influencia dos sacerdotes sobre os devotos, sobre a hipocrisía do clero e, indirectamente, unha crítica dos seus malos costumes, así como da hipocrisía da burguesía adicta á beatería de igrexa e confesionarios. Non se atopa nesta época, en ningún país europeo, unha obra que ridiculice a beatería católica e a relixiosidade de mesquiña como o fai Eça de Queiroz nesta e nalgunha outra, como *A reliquia* (1887). A novela foi adaptada ao cine en México, no 2002. Dirixida por Carlos Carreira e protagonizada por Gael García Bernal e Ana Claudia Talancón, constituíu un éxito de público tanto en México como nos Estados Unidos.

«O PRIMO BASILIO» (1878)
É unha das mellores novelas do século XIX, comparable á *Madame Bovary* de Flaubert ou a *La regenta* de Clarín, máis fina e poética que ambas. Para Luisa, a chegada do primo Basilio, antigo amor de mocidade, coa auréola exótica do Brasil, abre unha fiestra de ilusións capaz de romper a monotonía en que vive co seu marido, un práctico enxeñeiro de minas. Coñecémola unha mañá estival, coa súa «bata negra de grandes botóns de nácara, o pelo un pouco revolto pola calor e na súa pel a brancura tenra e láctea das louras, lendo *A dama das camelias*, con dúas bágoas tremándolle nas pálpebras», mentres no tórrido faiado, Juliana, a criada humillada, enferma e rancorosa, axexa coma unha alimaria o momento da vinganza. Basilio resulta unha fachada oca e miserable, e a pobre Luisa sufrirá as terribles consecuencias da súa errada aventura.

«OS MAIAS» (1888)
É un dos cumes no grande Himalaia da novela do século XIX e ten a mesma ambición literaria ca *Fortunata y Jacinta*, *La regenta*, *Ana Karenina* ou *Madame Bovary*. Nela asistimos á tráxica saga da familia nun mundo que vai destruíndo os vellos ideais do avó, don Pedro de Maia, en tanto o seu neto Carlos leva adiante uns tempestuosos amores con María Eduarda, fascinante muller cunha historia secreta que estala ao final. Con aparencia de folletín, *Os Maias* esténdese como un melancólico fresco que traza con fonda emoción un fragmento de Portugal e as súas frustracións, simbolizadas na vida baleira de Carlos, animada só pola súa fervente paixón, á que haberá de renunciar, como a tantas ilusións que non é capaz de levar a cabo. Os encontros dos amantes, as veladas na casa do Ramallete ou en Santa Olavia, o tedioso ambiente de Lisboa, ou o idílico das alamedas de Sintra, as reunións de sociedade satirizadas sen piedade... compoñen a mellor das novelas de Queiroz, modelo de marabilloso realismo poético. Cada frase da extensa novela (máis de oitocentas páxinas) é un modelo de beleza literaria. Foi capaz de conciliar un estilo de elegante sabor do século XVIII co afán de observación do seu tempo.

> EÇA DE QUEIROZ TEN A ALEGRÍA DO DICKENS MOZO E A DESMESURA CÓMICA DE CERVANTES

«A CIDADE E AS SERRAS» (1901)
Esta novela, póstuma, chea de ironía e humor, describe unha divertida sátira do vertixinoso mundo moderno que, acompañado dos correspondentes avances tecnolóxicos, se desenvolvía con forza a finais do século XIX. O protagonista, Jacinto, descendente dunha adiñeirada familia portuguesa exiliada en París, a cidade máis cegadora de entón, é o prototipo do urbanita rexido pola idea de que «o home só é supremamente feliz cando está supremamente civilizado». Pero a súa vida fáiselle vacua e pesada, non lle atopa sentido entre tanto avance mecánico e tanta modernidade. Animado por un amigo, e coa escusa duns asuntos que requiren a súa presenza alí, Jacinto regresa á súa terra rural, ás súas posesións no campo luso, e descobre que o que lle parecía un mundo atrasado é, en realidade, moito máis satisfactorio. Estamos ante unha obra, ademais de amena, plenamente vixente, porque podía transplantarse a súa temática ao noso mundo tecnolóxico de hoxe.

Como colofón, pódese dicir que Eça de Queiroz é un novelista que ten a alegría do Dickens mozo de *Os papeis de Pickwick*, a desmesura cómica de Cervantes, a agudeza na observación social de Flaubert e Zola e, ademais, unha desvergoña erótica e unha irreverencia relixiosa que non ten equivalencia no século XIX, e que tira máis ben dos enciclopedistas e os libertinos do XVIII, de Diderot e Choderlos de Laclos, o autor de *As amizades perigosas*, cun amor idéntico polos praceres terreais e pola liberdade de espírito.

Feliz aniversario, reporteiro Tintín!

O xornalista belga que loitou contra o mal durante 24 cadernos fixo 90 anos hai uns días sen que diminúa a súa popularidade

Non todo o mundo chega aos 90 anos. O reporteiro Tintín vén de facelo exactamente o xoves da semana pasada. E gozando dunha saúde de ferro. En efecto, o 10 de xaneiro de 1929 publicábase a primeira das súas historietas. Porque Tintín non é de carne e óso, aínda que ás veces o pareza, senón un personaxe de banda deseñada inventado por un debuxante belga.

Todo ten a súa historia, así que isto tamén. O xornal católico *Le Vingtième Siècle* quixo publicar un suplemento destinado a nenos e mozos, pensando en argumentos divertidos pero tamén educativos. Falou co tamén católico e *boy scout* Georges Remi, que firmaba como Hergé. E el é o pai de Tintín, un xornalista dedicado a loitar contra os malos do mundo. E quen era o máis malo do mundo entón? A Unión Soviética, onde o comunismo derrotara anos antes o réxime ditatorial dos tsares.

De maneira que a primeira aventura de Tintín foi *No país dos soviets*, e saíu xusto ese día, o 10 de xaneiro. Constituíu un éxito absoluto, tanto que en maio do ano seguinte, cando o xornal publicou a derradeira entrega, organizouse unha recepción do heroe nunha estación de ferrocarril de Bruxelas, a Gare du Nord: do tren baixou un amigo de Hergé... caracterizado de Tintín.

Así empezou todo, e ese éxito continuou do mesmo xeito e no mesmo soporte ata que os nazis ocuparon Bélxica no 1939, algo que a Hergé non lle desgustaba de todo. Levábanse publicadas sete aventuras, e a partir de aí (*Tintín no país do ouro negro*) saíron noutro xornal e logo en cadernos independentes. E cantas protagonizou o arriscado reporteiro? En total, 24. Hergé non puido ver a derradeira, posto que chegou ás librarías tres meses despois da súa morte, en 1983.

O debuxante foi un home ilusionado co seu traballo. Tanto que cometeu erros dos que logo se arrepentiu sinceramente e pediu desculpas. Dous foron os principais, e ademais cometidos nas súas dúas primeiras aventuras. Para empezar, e con independencia de como pase á historia a revolución procomunista que creou a Unión Soviética, Hergé cargou fortemente as tintas contra ese país hoxe desaparecido. «O inferno era bastante mellor que a Unión Soviética», chegou a dicir un crítico literario referíndose a *No país dos soviets*.

E para seguir, a súa segunda entrega era *Tintín no Congo*, dende 1908 e ata 1960 posesión belga. As violacións dos dereitos humanos por parte dos belgas deben figurar entre as primeiras e máis crueis en todo o século XX, guerras mundiais á parte. Nunca se soubo o número de congoleses masacrados, pero no enorme territorio a poboación quedou reducida á metade. Os africanos, ademais, carecían de dereito ningún e traballaban nun réxime de escravitude para sacarlle á terra materias primas, e se se negaban estaba autorizada a súa caza a tiros.



LIZ HENRY

Un neno lendo un libro de Tintín

O REPORTEIRO NON ESTÁ SÓ

Tintín non é un caso único nin moito menos. Quen en Europa non coñece a Astérix e Obélix, os galos irreductibles cos que vale máis levarse ben e non enfrontarse a eles como fan os sempre derrotados romanos? Son personaxes creados polos franceses René Goscinny (falecido; encargábase dos guións) e Albert Urdezo, debuxante. Astérix e Obélix naceron no 1959, polo que o vindeiro 29 de outubro farán 60 anos, o cal tampouco está mal. As súas aventuras iniciais saíron nunha revista, *Pilote*, antes de converterse en álbums. En total estes suman 37, se ben os tres últimos xa son doutro debuxante e doutro guionista.

Á outra beira do Atlántico, Quino é unha referencia indiscutible. O seu personaxe, Mafalda, e a súa pequena tropa de amigos ten unha enorme carga política. Debuxos para adultos máis que para nenos, e tremendamente populares, Mafalda naceu en Arxentina no 1964 para... anunciar electrodomésticos!

En España poucos personaxes de banda deseñada chegaron vivos ao século XXI na mentalidade colectiva. Carpanta, o reporteiro Tribulete e os personaxes do 13, Rúe del Percebe, por exemplo, van desaparecendo na historia. Zipi y Zape reviviron grazas ao cine. E os grandes da banda deseñada española, vivos e coleando, Mortadelo e Filemón, que durante anos levaban como subtítulo «Agencia de información». Obra do xenial e agora octoxenario F. Ibáñez, tamén teñen a súa película, aínda que non lles facía falta ningunha.

> Cristóbal Ramírez

De verdade chegou Tintín á Lúa?

Tintín segue atraendo a mozos e non tan mozos. Ata o punto de que en maio do 2014 Thalía, entón estudante do CEIP de Teixeiro (en Curtis, A Coruña), preguntaba aos científicos que cada día do curso responden na web www.prensaescuela.es: «É verdade que Tintín chegou á Lúa?».

A resposta dábaa Patricia Barciela: «En *Obxectivo: a Lúa*, que se publicou en 1953, Tintín descobre que o profesor Tornasol se atopa traballando nunha planta secreta de investigación en Syldavia para dirixir a construción dun foguete atómico que fará a primeira viaxe tripulada á Lúa. Tintín axuda na construción do foguete e nas primeiras probas, e adéstrase como astronauta. O libro foi publicado tres anos antes do lanzamento do Sputnik, o primeiro satélite artificial, e 15 anos antes da primeira aluaxe tripulada. Hergé, o seu autor, usou unha incrible cantidade de documentación técnica, o que a converte na máis rigorosa historia da serie.

»*Aterraxe na Lúa* publicouse en 1954. A historia continúa no punto onde queda o libro anterior: tralo lanzamento do foguete e unha viaxe non exenta dalgún sobresalto, alúan no cráter Hipparchus, onde montan o equipo e empezan as investigacións e exploración do terreo. O coronel Jorgen, conspirador de Borduria, apodérase do foguete e intenta abandonar aos expedicionarios no satélite».

Portada de «Aterraxe na Lúa»

actividades

- En www.prensaescuela.es, dentro de Alumnos, atoparás Pregunta a un científico e Pregunta a un periodista. Aí tes un pequeno formulario para facer a túa pregunta, que será contestada na mesma web. De Tintín ou do que ti queiras.
- Dende logo, a mellor maneira de coñecer a Tintín é ler unha das súas aventuras. Segundo di nesta mesma páxina Patricia Barciela, «Obxectivo: a Lúa» é idóneo.
- E postos a iso, por que non botarlles unha ollada a Mortadelo e Filemón e mais a Astérix e Obélix?

La diversidad de la vida

Crece la preocupación por las extinciones de especies en la actualidad por el ritmo al que ourren

¿Cuántas forma de vida diferentes existen en nuestro planeta? Aunque los cálculos del número total varían mucho, los científicos calculan que hay 7,77 millones de especies de animales, 298.000 especies de plantas y 611.000 especies de hongos. De ellas, solo han sido descritas y nombradas 1,3 millones. Toda esta enorme variedad de organismos, los genes que contienen y las comunidades a las que contribuyen constituyen lo que los científicos llaman biodiversidad: la diversidad de la vida.

Las especies no están distribuidas de manera uniforme sobre el planeta y el patrón más evidente de la biodiversidad mundial muestra que la riqueza tiende a aumentar hacia el ecuador. Los bosques húmedos de los trópicos son, en general, los ambientes con mayor variedad biológica de la Tierra. Si aceptamos las últimas estimaciones sobre el número total, estas regiones, que representan el 7 % de la superficie del planeta, podrían contener cerca del 90 % de las especies mundiales. Si descontamos de las estimaciones los pequeños insectos tropicales, entonces los arrecifes de coral y, principalmente debido a las plantas con flores, ciertas áreas de clima mediterráneo de Sudáfrica y Australia podrían ser igualmente ricas.

FAN PENGFEI-WWF / EUROPA PRESS

Especie de gibón descubierta, junto a otras 156, a lo largo de 2017 en el Gran Mekong (Asia)

EVOLUCIÓN Y BIODIVERSIDAD

Podría decirse que la biodiversidad surgió al mismo tiempo que la vida en la Tierra. A medida que los organismos fueron evolucionando y adaptándose a nuevos ambientes, aquella fue creciendo. Durante este proceso muchas especies se extinguieron de forma natural. De hecho, todas se extinguirán en algún momento, ya que todas las que han existido han pasado por un proceso de extinción. Sin embargo, a lo largo de la historia de la Tierra el proceso de aparición de otras nuevas ha ido más rápido que el de extinción; es decir, la diversidad biológica ha aumentado.

Entonces, si la riqueza en especies es cada vez mayor, ¿por qué nos preocupan tanto las extinciones que están teniendo lugar en la actualidad? Principalmente porque están sucediendo a un ritmo inusualmente elevado que parece estar relacionado con la expansión de los humanos. En general, las pequeñas poblaciones aisladas son más sensibles a las causas de la extinción (sucesos que afectan a la supervivencia y reproducción de los individuos, catástrofes naturales, cambios en la disponibilidad de alimento, enfermedades, etcétera) que las grandes y conectadas. Y la actividad y presencia humanas tienden a provocar la fragmentación de los grandes ecosistemas con mucha diversidad (como los bosques tropicales o las praderas) y a generar hábitats muy manipulados y pobres en especies (como las plantaciones de cereales o los bosques para explotación maderera). Como resultado, muchas de estas se distribuyen justo del modo que incrementa el riesgo de extinción.

El término biodiversidad, que se utilizó por primera vez en 1986, se popularizó a raíz de la Cumbre de la Tierra que tuvo lugar en junio de 1992 en Río de Janeiro (Brasil). Podríamos decir que actualmente forma parte del vocabulario de uso cotidiano. La biodiversidad funciona como una cuenta de ahorros en la que la evolución ingresa sus capitales. De ahí que sea tan importante para la vida. Que una comunidad de organismos tenga un número grande de poblaciones y especies diferentes también significa que tiene una diversidad genética muy elevada. De este modo, si llegara a producirse un cambio medioambiental muy dramático la comunidad siempre tendría a mano soluciones genéticas para poder adaptarse.

Tomemos por ejemplo el último episodio de extinción masiva, que tuvo lugar hace aproximadamente 60 millones de años. En aquel entonces los dinosaurios ocupaban la cumbre de la pirámide ecológica en la mayor parte de los ecosistemas del planeta. La colisión de un gigantesco meteorito contra la Tierra fue la causa probable de que un denso paraguas de polvo cubriese la atmósfera, impidiendo que la luz del sol llegase a las plantas. Al morir estas, también perecieron los herbívoros y, con ellos, los carnívoros. Solo sobrevivieron los pequeños animales, capaces de aguantar con poco alimento y que pudieron esperar a que el polvo desapareciese y se restableciese la cadena alimenticia. Los mamíferos estaban entre ellos y ocuparon el lugar de los dinosaurios en los ecosistemas. Luego la evolución siguió su camino. Pero, si la vida no hubiese sido tan diversa en ese momento, posiblemente este episodio hubiese supuesto su fin.

> Francisco J. Franco del Amo
pacofranco2@gmail.com

Edward Osborne Wilson (1929)

Edward Osborne Wilson es un famoso entomólogo americano y uno de los naturalistas actuales más eminentes e interesantes. Es también el autor de varios libros imprescindibles para la comprensión del complejo mundo de los insectos sociales, como *Las hormigas* (1990), que le otorgó el premio Pulitzer de 1991 en la categoría de no ficción, o *Las sociedades de los insectos* (1971). Igualmente se le debe a él la *Sociobiología: la nueva síntesis* (1975), su obra más famosa y transcendente y uno de los textos claves de la biología contemporánea. Desde los años ochenta, Wilson se ha convertido en uno de los defensores más activos de la diversidad biológica de nuestro planeta.

MARUFISH

Osborne Wilson explicó el mundo de insectos sociales como las hormigas

Una solución: el desarrollo sostenido

La biodiversidad también supone un recurso de gran valor económico para la sociedad humana, y esta puede ser la clave de los futuros planes de conservación ambiental. Este planteamiento puede parecer egoísta, pero constituye la clave del llamado desarrollo sostenido: la posibilidad de compatibilizar la conservación del medio ambiente con el bienestar económico de la humanidad. La biodiversidad cumple varias funciones ecológicas (purificación del aire y el agua, estabilización y moderación del clima, renovación de la fertilidad del suelo y del ciclo de los nutrientes, etc.) que aseguran muchos de los beneficios que las sociedades humanas han utilizado a lo largo de su historia: agua, alimento, combustible, medicamentos...

En el aniversario de grandes museos

El Museo Nacional del Prado, el más importante de España y una de las mejores pinacotecas del mundo, ha comenzado a celebrar sus dos siglos de existencia. En su creación tuvo un papel decisivo la reina consorte María Isabel, que a instancias de Francisco de Goya consiguió que las colecciones de pintura que estaban apiladas en los sótanos del monasterio de El Escorial viajasen a Madrid, para ser exhibidas. El edificio elegido para albergar la naciente pinacoteca fue el que estaba destinado a Gabinete de Historia Natural, pero la obra aún no estaba finalizada y se adaptó al nuevo uso. Con el nombre de Real Museo de Pintura y Escultura se inauguró oficialmente en 1819, un año después del fallecimiento de su promotora. Albergaba 311 pinturas de la colección real, todas de autores españoles.

El museo nacional más antiguo del mundo es el British Museum, o Museo Británico, que se abrió al público hace ahora 260 años, el 15 de enero de 1759. Había sido creado a partir del legado de Hans Sloane, un médico irlandés aficionado a la botánica que poseía una colección de más de 70.000 especímenes donde abundaban plantas, conchas de moluscos, insectos, peces y otros animales, pero que también incluía libros, manuscritos, dibujos, monedas, medallas y todo tipo de antigüedades. Esa colección pasó a titularidad pública al llegar a un acuerdo por el que sus herederos obtuvieron una deducción de impuestos. El Museo Británico conserva hoy más de 8 millones de objetos, que abarcan diferentes disciplinas como arqueología, etnografía, arte e historia.

Fue en el Renacimiento cuando se empleó por primera vez la palabra museo para designar los gabinetes de curiosidades donde se incluía casi cualquier objeto que llamase la atención. Al exponer sus piezas los museos pretendían sorprender y deleitar, basándose en un coleccionismo que nació de particulares para llegar a ser asumido por las diferentes naciones, de modo que se convertían en garantes de la conservación, el estudio y la exposición pública del patrimonio común. El siglo XIX vería una explosión de museos en todo el mundo, así como su especialización, al tiempo que se hacían más populares y didácticos. Luego surgieron aquellos que no estaban basados en colecciones, sino que partían de una idea o un concepto. El primer museo conceptual fue el Palais de la Découverte, fundado por el físico Jean Perrin y abierto en París en 1937, que ofrecía módulos interactivos y un amplio abanico de actividades.

La reina María Isabel de Braganza, segunda esposa de Fernando VII, como fundadora del Museo del Prado, cuyo edificio puede verse a través de la ventana, retratada por Bernardo López Piquer (1829). Museo del Prado

Un punto y aparte merece el Exploratorium de San Francisco, ideado por Frank Oppenheimer, que este año cumple medio siglo, pues fue inaugurado en agosto de 1969, y supuso un cambio de paradigma hacia museos que, además de conceptuales e interactivos, fueran educativos, lúdicos e interdisciplinares. Fue un modelo que se ha extendido por todo el mundo. Los museos de nuestros días adoptan ya multitud de enfoques, con gran diversidad de recursos y son un elemento clave en la educación cultural de los ciudadanos. Pero tengan colecciones o no han de mantener su antiguo e irrenunciable objetivo de sorprender y deleitar.

Los museos comparten con los antiguos gabinetes de curiosidades el objetivo de sorprender y deleitar

> Moncho Núñez Centella

actividades

1 Visita las páginas web de los tres museos principales que celebran aniversario en 2019. ¿Cuál te apetece más visitar? Indica tres motivos que te resultan atractivos en cada uno de los casos. Sus direcciones son:

- https://www.museodelprado.es
- https://www.britishmuseum.org/visiting.aspx?lang=es
- https://www.exploratorium.edu

2 Imagínate que quieres hacer un museo sobre tu familia. ¿Qué objetos crees que representan mejor a cada uno de sus miembros? Redacta la cartela que explica el significado de cada uno de esos objetos en relación con la persona, y pon un titular que lo resuma.

3 ¿Cuántos museos de Galicia has visitado en el último año? Haz una lista de las cosas que recuerdes de cada uno de ellos.



El gabinete del capitán Nemo, en el Aquarium Finisterrae, recuerda las antiguas estancias de curiosidades

4 En este año también cumple años redondos la coruñesa Casa de los Peces, que se inauguró en junio de 1999. En aquel momento fue calificada como «el primer acuario del siglo XXI», por su carácter innovador, al tener características propias de los acuarios, de los museos interactivos y de los museos conceptuales. Programa una visita, y aprovecha para conocer «Sexo azul», la última exposición que han inaugurado.

Ipse dixit

Un cuadro de un museo oye más tonterías que quizás ninguna otra cosa en el mundo
Edmond (1822-1896) y Jules (1830-1870) de Goncourt

El auge del capitalismo ha tenido gran influencia en el desarrollo del museo como un albergue propio para las obras de arte y en el avance de la idea de que son cosa aparte de la vida común
John Dewey (1859-1952)

Capa sobre capa, el pasado se conserva en la ciudad hasta que la misma vida queda amenazada de asfixia; entonces, en auténtica defensa, el hombre moderno inventa el museo
Lewis Mumford (1895-1990)

El museo impone el cuestionamiento de aquello mismo que agrupa, planta una pregunta sobre aquello que lo reúne
André Malraux (1901-1976)

Cuando nos rodeamos solamente de las cosas que nos producen felicidad y que nosotros amamos, podemos transformar nuestro hogar en un espacio lleno de objetos preciosos, en nuestro museo de arte particular
Marie Kondo (1985)